GANADERIA PAZOS (Lalín - PO)	+2153	+496	+16	+14	+456	+0,82	+0,53	+1,41	+1,37	+398	+101
CARRIS (Trabada - LU)	+2107	+451	+15	+15	+461	+0,73	+0,56	+1,09	+1,26	+339	+102
FINCA VIQUEIRA (Trazo - C)	+2093	+730	+11	+17	+582	+0,53	+0,08	+0,90	+0,82	+211	+101
ALVAREZ (Baleira - LU)	+2090	+491	+14	+15	+475	+0,06	+0,77	+0,63	+0,62	+284	+104
RIVELA, SC (Sarria - LU)	+2071	+618	+18	+17	+555	+0,14	+0,53	+0,52	+0,65	+199	+103
GRANXA VILA (Lugo - LU)	+2069	+452	+8	+11	+370	+1,00	+0,71	+1,04	+1,33	+342	+102

De máis de 75 reprodutoras

Gandería (Localidade - Prov)	ICO	Kg/L.	Kg./G.	Kg./P.	ICOP	ICAP	IPP	ICU	IGT	ICOT	ICOT
SAT CASA MENOR (Boimorto - C)	+2398	+769	+20	+23	+725	+0,44	+0,64	+1,11	+1,12	+336	+100
VILAFERREIROS, SC (Mazaricos - C)	+2254	+579	+17	+15	+506	+0,44	+0,83	+1,38	+1,33	+437	+103
SAT ILMA (Boimorto - C)	+2250	+621	+18	+20	+608	+0,23	+0,77	+1,08	+0,95	+351	+100
VILAR DE SUSAO (Sarria - LU)	+2192	+662	+15	+17	+576	+0,42	+0,56	+1,07	+1,09	+313	+101
XENDRE, SC (Oroso - C)	+2149	+546	+13	+15	+479	+0,18	+0,70	+1,15	+1,07	+364	+101
LOPEZ TELLADO, G. MASEDA, SC (Pol - LU)	+2149	+593	+15	+16	+526	+0,65	+0,94	+0,99	+1,18	+344	+99
SAT XUGA 747 FONTELAS (Arzúa - C)	+2136	+545	+17	+15	+490	+0,46	+0,70	+0,97	+1,12	+326	+101
CASA CANEDA (Boqueixón - C)	+2131	+455	+17	+13	+434	+0,62	+0,99	+1,22	+1,38	+413	+102
LANDEIRA, S.COOP.GALEGA (Negreira - C)	+2116	+435	+16	+12	+395	+0,43	+0,81	+1,18	+1,20	+413	+105
GANAD. FDEZ. SANCHEZ, SC (Curtis - C)	+2082	+557	+17	+16	+522	+0,57	+0,70	+0,71	+0,99	+263	+102



Insignia de Ouro Fefriga '14

O obxectivo perseguido por todos os criadores de Frisón Selecto, é a obtención de animais RENDIBLES, eso é, funcionais, lonxevos, ben conformados, resistentes a enfermidades, capaces de producir grandes cantidades de leite durante moitos anos e reproducirse sen problemas.

Con 14 anos de idade, 10 partos e máis de 205.000 Kg de Leite producidos ata a data, García Constellation Roca MB85 4* M.O. é un claro exemplo do que os criadores consideran unha vaca rendible e é por elo que a Xunta Directiva da Federación Frisona Galega, na súa reunión do pasado día 4 de Xuño, acordou por unanimidade, "Conceder a Insignia de Ouro Fefriga '14 a D. MANUEL HERBÓN DÍAZ de SAT HERBÓN, por ser os criadores e propietarios de GARCIA CONSTELLATION ROCA 3514 MB85 4* M.O., a primeira vaca de España que, ó longo da súa vida produtiva foi capaz de superar os 200.000 Kg. de Leite".



García Constelation Roca, unha vaca de récord

por Manuel Cruz

Este exemplar da gandería SAT Herbón Núñez, de Baralla (Lugo), é a primeira vaca da historia de España e unha das poucas do mundo en superar os 200.000 quilos de leite

A SAT Herbón Núñez está localizada no lugar de Mazaille, en Baralla, onde a meseta de Lugo comeza a plegarse e ascender ata converterse nos cumios dos Ancares. Trátase dunha explotación familiar vinculada a produción leiteira desde hai 36 anos, cando comezaron baixo o nome de Gandería García. Foi en 2006 cando o matrimonio Herbón Díaz decidiu constituírse en SAT para incorporar aos seus 3 fillos á explotación, e hoxe en día a SAT Herbón Núñez conta cun rabaño de 180 vacas en muxidura.

Pero hai una vaca que destaca entre todas as demáis. O seu nome é García Constelation Roca, e como poden ver nas fotos, está guapa coma un pincel. Nunca foi unha vaca de ir aos concursos, pero ven de recibir unha completa sesión de lavado e pelado a cargo de Iván Cid e José Manuel Sánchez, ámbolos dous preparadores do Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia, para que luza o mellor posible ante a reportaxe fotográfica.

De tódolos xeitos Roca non se pon nerviosa: afronta a sesión de fotos coa veteranía que lle dan os seus 14 anos de vida, unha idade á que chegan moi poucas vacas de leite. Pero o realmente extraordinario dela é que durante estes 14 anos de vida leva producidos máis de 200.000 quilos de leite, o que a convirte na primeira vaca da historia de Galicia e España en acadar esta cifra, á que só teñen chegado moi contados exemplares en todo o mundo.

Manuel Herbón Díaz, o patriarca da SAT Herbón Núñez, cóntanos as súas orixes: *“Pois Roca é filla dunha vaca que me vendeu un amigo, e esta á súa vez era filla dunha vaca que viñera do Canadá. Nós compramos á nai de Roca de primeiro parto e era tamén moi boa, naquela época xa daba 50 litros, pero tivo a mala sorte de que no Saneamento Gandeiro a marcaron por tuberculina e houbo que matala, pero quedou esta filla, que é boísima”*.

García Constelation Roca naceu un 7 de abril do ano 2000 nesta explotación cando aínda se chamaba Gandería García, de aí o seu prefixo. Constelation é o nome do seu pai, o touro Commerce Constelation TL TV, un semental galego de Xenética Fontao que tivo bastante demanda alá por finais da década dos 90. E por último Roca foi o nome propio que lle deron na casa, un nome que lle ven ao pelo, xa que demostrou ser dura coma un penedo.

Na súa primeira lactación, en 2003, acadou 11.833 quilos de leite en 305 días de lactación normalizada, pero foi na segunda cando se revelou como unha grandísima produtora, acadando 18.777 quilos de leite en 305 días de lactación normalizada, o que converteu na vaca máis produtora de Galicia daquel ano. Desde aquela sempre mantivo estas altas cifras ata a actualidade: *“Roca naceu alí polo ano 2000 e foi criada en corte trabada porque daquela aínda non cambiáramos a estabulación libre. Fixo o seu primeiro parto aos dous anos e xa fora un parto moi aceptable. A partir de aí seguiu producindo e cada ano parecía que producía máis e batía os seus propios rexistros ata chegar ao día de hoxe con este leite, que parece increíble pero é certo”*, cóntanos José Manuel Herbón Núñez, un dos socios actuais da explotación.



Roca está a facer nestes momentos a súa décima lactación e leva producidos ata o de agora 205.500 quilos de leite. Para poñer este volume de leite en perspectiva, sería o equivalente a sete tanques dun camión de leite ou nin máis nin menos que un millón de vasos de leite, e todo producido por unha soa vaca: *“sempre soubo moi ben o que tiña que facer, que era comer, traballar e dedicarse a producir leite. Moi poucas veces houbo que medicala, agás últimamente porque comeza a ter problemas de artrosis e movilidad nas patas, pero durante a súa traxectoria de vida en moi raras ocasións houbo que coller un medicamento e desbotar ningún leite. Todo o leite que produciu foi para o tanque e para o consumo”*, dí José Manuel.

Unha cantidade de leite, máis de 200.000 quilos en dez lactacións, que a convirten nun exemplar único, non só a nivel nacional, senón a nivel mundial, como destaca Françesc Grau, Director-Xerente de FEFRIGA, a Federación Frisoa Galega: *“douscentos mil quilos é unha cantidade extraordinaria e temos que dicir que a nivel de España ningunha vaca chegara a data de hoxe a esta produción. Pero mesmo a nivel mundial, e que nós teñamos coñecemento, non hai máis de 5 vacas que chegaran a esta cantidade.”*

Roca chegou a esta produción grazas á súa lonxevidade, outro mérito que perseguen desde hai tempo as asociacións de criadores de frisona: *“Se miramos a idade da vaca xa ten 14 anos. Se pensamos que a idade media de vida ronda os cinco anos, tres partos aproximadamente, o desta vaca é excepcional. Se tiveramos que resumir nunha palabra a García Constelation Roca, falaríamos de rendibilidade: unha vaca que produciu moito, durante moitos anos, sen crear problemas na explotación e que con 10 partos continúa estando nunha forma envexable. Penso que este é o mellor exemplo que podemos atopar de rendibilidade cando estamos a falar de vacas de leite”*, opina Françesc Grau.

Desde o punto de vista morfolóxico García Constelation Roca está calificada MB85, e conta con catro estrelas na súa carta. O seu ICO xenómico é de +1976 punto GICO. O único “pero” que se lle pode poñer a García Constelation Roca, segundo José Manuel Herbón, é a súa descendencia: *“non tanto por número, xa que tivo seis femias, pero non chegan ao que é ela. A súa descendencia é un pouco máis corta, tanto en produción como en morfoloxía. Aínda lle sacamos hai pouco un estudo xenómico e nos demostrou iso, a xenómica di que non é un animal que sirva para facer descendencias iguais ou mellores ca ela.”*



A SAT HERBÓN NÚÑEZ

Na actualidade a SAT Herbón Núñez conta cun total de 350 animais, dos que 180 son vacas en muxidura, 30 secas e 140 son de recría. Ampliaron as instalacións, puxeron unha nova sala de muxido, leitería, silos, uns cambios todos dos que foi testemuña a vaca Roca e que tamén lembra José Manuel: *“As obras da ubicación da actual gandería comezámolas en 1999, e fixemos unha primeira nave de estabulación libre cunha sala de muxido ao carón. Cinco ou seis anos despois fixemos outra nave que utilizamos en principio coma almacén, pero que despois preparamos para meter outras cen vacas de produción máis, e puxemos tamén unha nova sala de muxido coa súa leitería. A última ampliación é de 2011, cando fixemos unha nave máis para crír as xatas e as xovencas e puxemos uns silos de formigón.”*

Aínda que Roca é a estrela, o resto de vacas da explotación tampouco se quedan atrás. Con 161 lactacións normalizadas, a SAT Herbón Núñez acadou en 2013 unha media de produción de 12.079 quilos por vaca, a dous muxidos diarios. Nestes momentos teñen o rabaño distribuído en tres naves: na máis antiga están as vacas máis adultas; na máis ampla están as vacas máis novas e as de post-parto; e na terceira nave teñen a recría, que aleitan cunha nodriza automática ata o destete e que despois van criando por lotes de idade ata o momento do parto, que están a acadar con 24 meses de media.

Pra alimentar a este rabaño están a cultivar 50 hectáreas a millo e herba no entorno da explotación, e a maiores teñen contratadas outras 25 hectáreas cerca do concello de Lugo nas que producen millo pra eles. Nestes momentos están a empregar na alimentación das vacas en produción unha ración de 52 quilos, composta por 29 quilos de silo de millo, 9 de silo de herba, 13 de concentrado e 1 de palla, o que lles da unha inxesta de 27 quilos de materia seca, e tentan

ser moi escrupulosos coa comida do gando, como destaca José Manuel: *“tentamos facer a colleita das materias primas que cultivamos na explotación o mellor posible cando nos deixa o tempo, e cando non procuramos corrixilas para evitar que estean libres de contaminación externa por ningún lado, que non haxa fungos nos silos, e á hora de facer a ración diaria das vacas procuramos que chegue ao pesebre ben mesturada, o máis correcta posible.”*

Esta mesma filosofía de traballo é a que aplican en todas as actividades da granxa: manexo, manexo e máis manexo. *“Nós somos produtores de leite, e a nosa máquina preferida é a vaca. Para nós o manexo é primordial, ter unha rutina de muxido sempre constante todos os días do ano, coidar a alimentación, a limpeza da camas, facer unha estricta selección de touros para obter a mellor xenética e así ter as mellores vacas, para producir o mellor leite e ser competitivos neste mundo no que estamos.”*

Con este obxectivo en mente, forman parte da agrupación de gandeiros de leite “Vaca Teixeira” e a maiores teñen unha certificación externa: *“unha empresa que non ten nada que ver coa que nos leva o leite nos fai unha auditoría cada tres meses e estamos moi contentos porque nos detalla un pouco aqueles puntos nos que fallamos para que os podamos reforzar, porque unha cousa é estar traballando aquí día a día e non te das conta dos erros que cometes, e cando vén alguén de fora pois sí que o ve. Por iso temos a certificación, un pouco de piloto para axudarnos a mellorar”.*

O mellor símbolo deste traballo é García Constelation Roca, a vaca máis leiteira da historia de España, e unha das maiores produtoras de todos os tempos a nivel mundial. *“É unha insignia para nós, deixou de ser unha vaca como as outras e para nos é un animal especial. Imos seguir traballando con ela ata que ela queira, se ela quere seguir parindo e seguir producindo nós seguiremos traballando con ela ata que canse”.*

O mérito de ter criado esta vaca única foi o que levou á Xunta Directiva da Federación Frisona Galega a conceder a Insignia de Ouro FEFRIGA 2014 a Manuel Herbón Díaz, un recoñecemento que desde a SAT Herbón Núñez queren agradecer a todos os que colaboraron con eles nestes anos: *“hai que agradecer a toda a xente que pasou por esta gandería, ben traballando como persoal contratado ou persoal alleo, como veterinarios, nutrólogos, etc, o traballo ben feito e que nos axudou a que García Constelation Roca chegase a acadar a produción que hoxe ten.”* García Constelation Roca é o mellor exemplo do bo traballo desta familia de tradición gandeira que vai xa pola súa súa terceira xeración.

SELECCIÓN XENÓMICA NA GRANXA

José Antonio Jimenez
Dpto. Técnico de CONAFE

O Programa Xenómico Español.

Primeiros resultados contrastados con datos reais.

Dende Novembro de 2012, CONAFE calcula xunto ás avaliacións xenéticas basadas nos datos e o pedigrí, valoracións xenómicas estimando o efecto que as distintas rexións cromosómicas teñen nos caracteres de interese para o gandeiro.

A boa toma de datos, o uso dunha metodoloxía adecuada e o gran número de animais probados que constitúen a nosa poboación de referencia (25.874 touros incluíndo a poboación de Eurogenomics) permite obter unha fiabilidade so acadable polos mellores programas de selección a nivel mundial. Como exemplo, na gráfica 1 podemos mostrar resultados reais da nosa poboación. Comparáronse os valores xenómicos que se publicaron en Decembro 2012 fronte ós valores xenéticos publicados en Xuño 2014 para o lote de touros que non tiñan ningunha filla na primeira publicación e polo menos 70 en produción e tipo na segunda. Podemos observar como o touro con mellor valor xenómico en Decembro 2012 ten tamen o mellor valor xenético tras incluír a información da súa proba de descendencia, ademais 6 dos 10 mellores becerros xenómicos están tamén entre os 10 mellores probados. Por último podemos observar como ningún dos 10 mellores caeron máis de 150 puntos respecto á súa predición xenómica. Estes resultados evidencian que as avaliacións xenómicas publicadas por CONAFE son capaces de detectar a gran maioría dos animais que terán posteriormente boa proba de descendencia, por tanto temos a primeira demostración contrastada con datos reais da súa alta fiabilidade. Ademais e de forma contraria ao que ocorre en outros programas, nos nosos valores xenómicos non están sobreestimados, é dicir os touros xenómicos españois non sofren unha caída sistemática cando se publica a súa primeira proba con fillas.

Unha vez demostrado con estes datos reais os excelentes resultados das avaliacións xenómicas é o momento de aproveitar esta ferramenta por parte dos nosos gandeiros.

Aplicación da xenómica na granxa

O número de animais xenotipados e avaliados ata a data foi de 31.173. A poboación española está formada por 6064 machos e 1577 femias. Por primeira vez na historia da gandería podemos coñecer o potencial xenético das nosas becerras coa mesma


precisión que podemos demostrar nos machos, por tanto non é de estrañar que nos últimos seis meses se dobrase o número de becerras xenotipadas, a maioría delas en baixa densidade co novo Chip personalizado de Eurogenomics, en cuio deseño CONAFE colabora para que esté o máis adaptado posible á nosa poboación. Agora podemos coñecer o potencial xenético de calquera becerro con unha precisión superior á da vaca con máis lactacións da explotación.

Este é o momento de aproveitar ao máximo a inversión realizada, para elo o obxectivo de FEFRIGA e CONAFE é ofrecer ao gandeiro unha información cuio valor compense o custo do xenotipado.


De forma similar ao evidenciado nos machos, o xenotipado de femias e a toma de decisións en base aos resultados das avaliacións xenómicas redonda nunha mellora no progreso xenético:

Selección da reposición

Incorporar xovenas á explotación ou a selección da recría a partir das becerras nadas, pódese realizar hoxe coas maiores garantías sobre o resultado nivel xenético. Nun mercado cada vez máis competitivo e en ausencia de cotas so os animais máis eficientes poderán converter as explotacións



Gráfica 1. Comparativa entre os valores xenómicos preditos en decembro de 2012 para touros xóvenes sen fillas e o seu valor xenético tras a súa proba de descendencia con polo menos 70 fillas en produción e tipo en Xuño de 2014. Rombos verdes: 10 mellores becerros xenómicos. Cadro laranxa: 10 mellores touros probados.



Gráfica 2. Valor xenético ICO por índice de pedigrí (azul) e tras o xenotipado (verde) de 60 becerras nadas nunha das primeiras ganderías de FEFRIGA que se uniron á iniciativa recría xenómica.

en rendibles. Por todo elo é moi recomendable coñecer o valor xenómico dos animais adquiridos e polo menos ter a certeza de que o seu nivel xenético está en liña cos animais nados na casa. Igualmente permítenos descartar animais que non van a producir o suficiente ou van ter un risco alto de provocar problemas. **Co custo que nos aforramos ó non criar unha xovenca con un potencial xenético mediocre respecto ao nivel da explotación podemos pagar o xenotipado de máis de 40 becerras.**

Na gráfica 2 móstrase a comparativa entre os índices de pedigrí e o valor xenómico de 60 becerras dunha das primeiras explotacións de FEFRIGA que se incorporaron á iniciativa Recría Xenómica (Xenotipado de todas as becerras nadas na explotación a un custo reducido). Tras o xenotipado poidéronse identificar 6 becerras extraordinarias con ICO superior ós 3100, según o ranking por índice de pedigrí estas becerras eran as colocadas en posición 6, 8, 12, 16, 19 e 28. Previamente por índice de pedigrí so dúas becerras tiñan este nivel, pero neste caso ningunha das dúas están realmente entre as mellores.

Se esta explotación decidise descartar as xovencas con nivel inferior a 2400, ben para venda, sacrificio, ou simplemente para non inseminar con Holstein as tres becerras con índice de pedigrí máis baixo, efectivamente confirman este nivel coa xenómica, pero atopamos outras becerras

como a 38, a 40 ou a 44 cuio nivel é inferior ó esperado previamente e que poderían ser descartadas.

Acoplamentos razoados en xovencas

O segundo factor clave na mellora do potencial xenético da gandería é o deseño razoado de acoplamentos dirixidos dende a primeira cubrición, pois actualmente non se ten información consistente do potencial ou dos puntos débiles da femia ata pasados un ou dous partos. Sen embargo, co xenotipado das xovencas, terase unha predición sobre as características que transmitirán a súa descendencia incluso antes de que éstas se fagan evidentes no propio individuo. **Realizar o primeiro acoplamento das xovencas con un bo criterio é un aspecto clave especialmente naquelas explotacións con problemas de reposición xa que se verán obrigados a criar toda femia que naza. Seguramente esta sexa unha das principais vantaxes da xenómica.**

Continuando co exemplo da explotación anterior na gráfica 3 móstrase o nivel respecto ó índice ICU das becerras. Na primeira cubrición non temos referencia algunha da morfoloxía da ubre, agora coa xenómica podemos detectar que caracteres será necesario intentar corregir na descendencia desta xovenca. No exemplo, xovencas que en función da información do seu pedigrí se espera que teñan boas ubres como por exemplo a 12 e a 14, tras o xenotipado

sabemos que se deberían tratar de acoplar para mellorar estes caracteres con máis énfase. Polo contrario algunha becerra como a 46, 47 ou 51 que en principio tiñan orixes non moi boas en ubres, tras xenotipalas obsérvase que o seu nivel está en torno a 2 e seguramente teñan outros puntos débiles a corregir de forma máis prioritaria.

Detección de animais extraordinarios


Por suposto, o xenotipado de femias permite detectar individuos extraordinarios que pasarían desapercibidos atendendo á súa xenealoxía ou, incluso, á gandería onde naceron. Gracias á xenómica podemos demostrar o bo traballo que os gandeiros de FEFRIGA veñen realizando durante décadas en materia de mellora xenética. A maioría dos primeiros postos nos listados de becerras xenómicas están ocupados por xovencas desta asociación e probablemente estas xovencas xenómicas Top serán algunhas das nais dos touros de mañán. Neste momento hai máis de 25 animais xenotipados con nivel superior ó mellor touro do catálogo nacional de touros probados.

Por exemplo, na gráfica 2, tomado do programa de acoplamentos CONAFEMAT¹, móstrase o percentil² no que se atopa unha das últimas becerras galegas xenotipadas. Podemos observar cómo é un animal extraordinario que se atopa entre o 1% mellor da poboación en ICO, con un exce-

lente nivel xenómico practicamente en todos os caracteres avaliados, tanto de tipo, como produción e funcionalidade. Sen dúbida é un animal elite que o gandeiro puido identificar cando apenas tiña 4 meses. A xenómica permitiunos descubrir un animal extraordinario con moita antelación. Ademais, cando dentro dunhas semanas o propietario insemine a becerra poderá ademais realizar o acoplamento coa información sobre os poucos puntos débiles desta xovenca.

Outras aplicacións

O xenotipado permítenos outras aplicacións que se irán incorporando nos próximos meses, por exemplo agora é posible arrancar avaliacións xenéticas para novos caracteres a partir de menos animais, por exemplo será posible utilizar a información que se está recollendo actualmente a través do programa ISAP en colaboración con SERAGRO, ANKA e outros podólogos independentes. O fin prioritario desta iniciativa é a mellora da saúde podal das nosas vacas gracias a análise adecuada da información por parte do gandeiro e do podólogo, aproveitamos a ocasión para recomendar o seu uso a todos os nosos gandeiros, este tipo de ferramentas son unha vía eficaz para minimizar problemas, ademais en breve poderemos comezar a seleccionar con este mesmo obxectivo. Outra vantaxe da xenómica é que podemos mellorar a forma de calcular a consanguinidade, xa que agora é posible



Gráfica 3. Valor xenético ICU por índice de pedigrí (azul) e tras o xenotipado (verde) de 60 becerras nadas nunha das primeiras ganderías de FEFRIGA que se uniron á iniciativa recría xenómica.



Ilustración 1. Captura de pantalla do programa ISAP onde se identifican os principais problemas podais identificados nos nosos animais para un correcto seguimento dos tratamentos aplicados.

coñecer a porcentaxe real de material xenético que comparten dous individuos en lugar de estimalo a partir da xenaloxía. Igualmente será posible incluír análise de xenes recesivos ou de importancia para a produción usando o mesmo chip de xenotipado.

Conclusiones


Unha boa toma de datos, o tamaño da poboación de referencia e o uso dunha metodoloxía adecuada permitiron a CONAFE desenrolar un programa de selección xenómica cuxa precisión so é acadable por un selecto grupo de países

a nivel mundial. Os primeiros resultados con datos reais avalan as nosas avaliacións de forma rotunda, o mellor touro probado do catálogo foi detectado pola xenómica antes de ter a súa primeira filla. Ademais, estamos en condicións de afirmar que xenotipando en España non se observan caídas sistemáticas do valor xenómico dos touros cando obteñen a súa proba de descendencia.

Xenotipando é posible mellorar as decisións de selección (compra, recría, desvieje, deseño de lotes), así como os acoplamentos mediante a detección precoz de puntos débiles e a identificación de animais extraordinarios.

Os chips de baixa densidade permiten obter información de calidade a un custo reducido, a aposta de CONAFE e as asociacións que a forman é que o gandeiro sexa o principal beneficiario desta nova ferramenta, por este motivo, os gandeiros de CONAFE poden xenotipar as súas becerras a un custo inferior ó do resto de gandeiros do consorcio EUROGENOMICS.

Por todo elo, a mellora na toma de datos nas explotacións e o xenotipado rutinario das xovencas son os dous pilares fundamentais sobre os que se asentarán as vacas do futuro. Dende CONAFE considérase que un bo uso das ferramentas xenómicas axuda a mellorar a rendibilidade das explotacións e recomenda ós gandeiros a posibilidade de unirse á iniciativa Recría Xenómica consistente no xenotipado rutinario de todas as becerras nadas na explotación.



Gráfica 4 Percentís nos que se atopa a becerria xenómica para os distintos caracteres e índices calculados nas avaliacións xenéticas españolas (Fonte: CONAFEMAT).

ICO: Índice combinado, P: Producción, T: Tipo, MA: Miembros e aplomos, IPP: Índice de pes e patas, ICU: Índice composto de ubre, KL: Kilos de leite, KG: Kilos de graxa, KP: Kilos de proteína, PPG: Porcentaxe de graxa, PPP: Porcentaxe de proteína, EST: Estatura, PE: Anchura de peito, PC: Profundidade corporal, AG: Anchura de grupa, ANGG: Angulo de grupa, VLP: Vista lateral de patas, VPP: Vista posterior de patas, AP: Angulo podal, IA: Inserción anterior, IP: Inserción posterior, LIG: Ligamento, PU: Profundidade de ubre, PA: Pezóns anteriores, PPD: Pezóns posteriores, LP: Lonxitude de pezóns, ANGUL: Angulosidade, RCS: Recuento células somáticas, LONG: Lonxevidade, DA: Días Abertos, VOR: Velocidade de Muxido.

¹ CONAFEMAT

Programa de acoplamentos dispoñible para todos os socios a través de www.conafe.com, que conta con criterios de selección personalizados, liberdade para incluír calquera semental e os valores xenéticos actualizados de todas as femias da explotación incluíndo as xenómicas.

² O percentil no que se atopa un animal indica a porcentaxe de animais que están nun nivel inferior a él. Se un animal está no percentil 99 indica que o 99% dos animais son inferiores a él.

XX Concurso Frisón Feiradeza 2014

Lalín, Pontevedra, 21 e 22 de Xuño Xuíz: D. José Manuel Paz (Xuíz Nacional de CONAFE)

Animais participantes: 83 // Ganderías participantes: 17

Xatas ata 8 meses

1ª) Fraga Fever Pintada (Ganadería Fraga - Lalín)

Xatas de 8 a 10 meses

1ª) Gresande Stanleycup Salome (Gan. Gresande - Lalín)

Xata Subcampiona FEIRADEZA

Xatas de 11 a 13 meses

1ª) Blanco Mega Mery (Blanco - Lalín)

Xatas de 14 a 16 meses

1ª) Blanco Deliña ET (Blanco - Lalín)

Xata Campiona FEIRADEZA

Xovencas de 17 a 19 meses

1ª) Carballeiras Dude Concava (Carballeiras - Lalín)

Xovenca Campiona e GRAN CAMPIONA FEIRADEZA

2ª) Baroncelle Trueno R Chenoa R (Rato - Rodeiro)

Xovenca Subcampiona FEIRADEZA

Xovencas de 20 a 22 meses

1ª) Carballeiras Dude Sharon (Carballeiras - Lalín)

Xovencas de 23 a 28 meses

1ª) Blanco Emily (Blanco - Lalín)

Vacas en lactación ata 30 meses

1ª) Manteiga Xacobeo Clementina (Manteiga - Vila de Cruces)

Vaca Xoven Campiona FEIRADEZA

2ª) Kinteiro Windbrook Sita (Kinteiro - Lalín)

Vaca Xoven Subcampiona FEIRADEZA

Vacas en lactación de 31 a 36 meses

1ª) Blanco Leona (Blanco - Lalín)

Vacas en lactación de 3 anos

1ª) Anibal Emma Divina II (Carballeiras - Lalín)

Vaca Intermedia Campiona FEIRADEZA e VACA GRAN CAMPIONA FEIRADEZA

Vacas en Lactación de 4 anos

1ª) Manteiga Xacobeo Mandarina (Manteiga - Vila de Cruces)

Vaca Intermedia Subcampiona FEIRADEZA

Vacas en Lactación de 5 anos

1ª) Blanco Holstein Anita Ana ET (Blanco - Lalín)

Vaca Adulta Campiona FEIRADEZA

Vacas en Lactación de mais de 6 anos

1ª) CTS Express 48817 Levin (Blanco - Lalín)

Vaca Adulta Subcampiona FEIRADEZA

Mellor Criador Feiradeza

1º) Ganadería CARBALLEIRAS (Sello - Lalín)

2º) Ganadería MANTEIGA (Oirós - Vila de Cruces)

DATOS FACILITADOS POR AFRICOR-PONTEVEDRA

TRANSFERENCIA DE EMBRIÓN SERVIZO VETERINARIO ESPECIALIZADO



En Xénese adaptámonos ás necesidades e obxectivos do teu programa xenético

A experiencia e a calidade do noso traballo son a garantía dos mellores resultados

“Somos o teu equipo de confianza”

✓ Equipo autorizado para a comercialización de embrións a nivel nacional e internacional

✓ Embrións de alta xenética dispoñibles

Próximo catálogo online

CONSÚLTANOS SEN COMPROMISO

info@xenese-ete.com www.xenese-ete.com Tfno: 649809065 (Ismael)

30ª Asamblea General

Conferencia Europea Holstein & Holstein Roja

Organizan



España 2014

**Gijón (Asturias)
24 al 26 de
Septiembre**

Colaboran



Gijón

Turismo



MINISTERIO
DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN
Y MEDIO AMBIENTE

Patrocinan





CONCURSO FEIRADEZA

Organizado polo Clube de Xóvenes Gandeiros, e xulgado por D. José Manuel Paz, Xuíz Nacional de CONAFE, o pasado 21 de Xuño tivo lugar en Lalín o Concurso de Manexadores. Coa participación de 15 xóvenes, os resultados quedaron como segue:

Sección 1ª: Xóvenes que teñan entre 21 e 30 anos, inclusive

MIGUEL RIAL MATO	SAT CASA NOVA	MESÍA - A CORUÑA
MIGUEL MADRIÑÁN ALBOR	SAT CARBALLEIRAS	LALÍN - PONTEVEDRA

Sección 2ª: Mozos entre os 16 e os 20 anos inclusive

ALEX CARRAL FERNÁNDEZ	RATO	RODEIRO - PONTEVEDRA
MARÍA MANTEIGA RODRÍGUEZ	MANTEIGA	VILA DE CRUCES - PONTEVEDRA

Sección 3ª: Mozos entre os 10 e os 15 inclusive

AVELINO SOUTO ROZADOS	MIDÓN	LALÍN - PONTEVEDRA
PABLO RIELO FERNÁNDEZ	SAT CARBALLEIRAS	LALÍN - PONTEVEDRA

Sección 4ª: Rapaces menores de 9 anos

ANDREA JIMENEZ CANDA	BLANCO	LALÍN - PONTEVEDRA
DANIEL SANTOMÉ PEREIRO	SANTOMÉ	LALÍN - PONTEVEDRA

Sección 5ª - CAMPIONATO

AVELINO SOUTO ROZADOS	CAMIÓN
MIGUEL RIAL MATO	SUBCAMPIÓN



AVELINO SOUTO ROZADOS (Campión)

Imaxes cedidas por Afriga



MIGUEL RIAL MATO (Subcampión)

a páxina do clube

Clube de
Xóvenes
Gandeiros
de Galicia

se tes o que
hai que ter...
ASOCIATE

NORABOA ROCA

García Constelation Roca, a primeira vaca de España (e unha das poucas do mundo) que superou os 200.000 Kg de Leite o longo da súa vida (10 lactacións) foi preparada por Iván Cid e José Manuel Sánchez, socios do Clube, para a reportaxe que lle fixeron a TVG e FEFRIGA.

¡¡ A nosa noraboa os seus propietarios!!



IX ESCOLA DE PREPARADORES CONAFE '14

30 Xuño - 4 Xullo

Durante os días 30 de Xuño ao 4 de Xullo celebrouse en Luces, Colunga – Asturias a 9ª edición da Escola de Preparadores, na que houbo entre outros galegos, os seguintes socios do Clube:

Nesta 9ª edición participaron os socios:

D. Abel Carballo Pena de Gandeiría Adonis – Xermade – Lugo
D. Jorge Vázquez Cuñarro de Casa Capón – Chantada – Lugo
D. José Casás Pombo de Gandeiría Casás – Carballo – A Coruña
D. Avelino Souto Rozados de Gandería Midón – Lalín – Pontevedra
Dña. María Manteiga Rodríguez de Manteiga, SC – Vila de Cruces - Pontevedra
D. Marcos Rivas López de Gandeiría Liñares – Abadín – Lugo

E acadaron os seguintes resultados:

GRUPOS

Mellor Grupo: “LA FRANCE”, formado por Avelino Souto, Alberto Cabo, Julia Serrabassa, María Manteiga, Ella van der Oord e Hugo González.

Segundo Mellor Grupo: “SAT LA ESTRELLA”, formado por Joaquín Menéndez, Marcos Rivas, Jorge Vázquez, Abel Carballo e Peio Lecue.

PREPARADORES:

Subcampión na Categoría Infantil: D. Abel Carballo

Campión na Categoría Junior: D. Avelino Souto

Campiona na Categoría Adultos: Dña. María Manteiga

MANEXADORES:

Campión: D. Avelino Souto

Subcampión: D. Marcos Rivas

Mención de Honra: D. Jorge Vázquez

Noraboa aos socios do Clube e a tódolos participantes nesta Escola polos resultados obtidos e sobre todo polo aproveitamento destas xornadas.



CURSO-ESCOLA DE XÓVENES GANDEIROS

Durante os días 28 de Xullo ao 1 de Agosto o Clube de Xóvenes Gandeiros en colaboración coa Excm. Deputación da Coruña, a Federación Frisona Galega, o Concello de Ordes e As Travesas Agropecuaria organizan, no Recinto Feiral do Mesón do Vento, a 6ª edición da Escola de Xóvenes Gandeiros, na que participarán 13 xóvenes das provincias de A Coruña, Lugo e Pontevedra.

CURSO DE ALIMENTACIÓN (en colaboración coa USC)

Próximamente, e convocado pola Universidade de Santiago de Compostela, celebrarase na Escuela Politécnica Superior-Lugo un Curso de Alimentación. Haberá un desconto para alumnos da USC, así como para os socios do Clube. En cánto se defina o programa e datas serán publicados na páxina web.

CURSO DE INSEMINACIÓN

Dende o Clube de Xóvenes Gandeiros estamos a programar un Curso de Inseminación no que, durante dúas xornadas se tratarán os seguintes temas:

- Aspectos básicos de anatomía e fisioloxía do tracto reprodutor da vaca.
- Detección do celo. Métodos auxiliares de detección do celo.
- Inseminación Artificial. Manexo de seme. Desconxelación de seme sexado ou non. Manexo do tanque do seme.
- Prácticas con úteros. Inseminación en pezas de matadoiro. Prácticas en Inseminación con vacas.
- Xestión dos medicamentos. Tratamentos hormonais.
- Principais patoloxías asociadas á reprodución.
- Prácticas de inseminación con vacas.

**Se estás interesado, contacta con nós,
serán prazas limitadas!**

CONAFEMAT

As avaliacións xenéticas son a mellor ferramenta de mellora que temos, por elo, e co obxecto de aproveitar as vantaxes que nos ofrece o programa de acoplamentos CONAFEMAT estamos intentando organizar unha Xornda Técnica (teórica e práctica) para finais de Agosto. Se estás interesado, contacta con nós (ollo, prazas limitadas).

Rexistro

Animais ET

Para o rexistro de animais procedentes de Transferencia Embrionaria ten que remitirse á oficina de rexistro, a documentación seguinte:

En todos os casos

- **Declaración de Nacementos debidamente cumplimentada e asinada.**
- **Probas de Filiación (pai e nai) da doante** (se non foron remitidas con anterioridade).
- **Probas de Filiación do animal a rexistrar**, no caso de que se trate dun macho.

Ademáis e dependendo da procedencia do embrión, deberanse de adxuntar os documentos seguintes:

Embrións Nacionais ou producidos na propia explotación:

- **Certificado da recolleita** no que consten tódolos datos xenealóxicos dos proxenitores (pai e nai), data da recolleita, nº de embrións recolleitados, identificación das palletas (no caso de conxelados), así como os datos de quen a realizou.
- **Certificado de Implantación** no que conste: xenealoxía do embrión, data da recolleita, nº de identificación da palleta (no caso de conxelados), C.I.B. da receptora, data de implantación e datos de quen a realizou.

Embrións Importados

Pedigree da Doante.

- **Documento internacional ou intracomunitario de movemento de embrións (TRACES)**; emitido pola autoridade competente do país de orixe e no que deba de figurar: nome e número de rexistro dos pais, data da recolleita, identificación individual das palletas e datos de quen realizou a recolleita.
- **Certificado de Implantación** no que conste: xenealoxía do embrión, data da recolleita, nº de identificación da palleta (no caso de conxelados), C.I.B. da receptora, data de implantación e datos de quen a realizou.

Recorde

Se desexa evitar retrasos, confusión u outros problemas que están xurdindo con demasiada frecuencia, deberá de esixir, -no momento da compra, recolleita e/ou transferencia dos embrións,- lle sexa entregada a documentación e/ou certificados correspondentes (non 9 meses despois).

Machos

- Non se establece límite de idade para o Rexistro de machos (non penalizan por inscrición "fóra de prazo").
- Para o rexistro de calquera macho o propietario deberá presentar obrigatoriamente, xunto á Declaración de Nacemento, as correspondentes probas de filiación (pai e nai).
- Dita norma é de obrigado cumprimento para o rexistro de calquera macho, dende o día 1 de Xaneiro de 2011.

2014

28 Xullo - 1 Agosto	Curso-Escola Clube Xóvenes Gandeiros de Galicia
14 Setembro	Concurso da Becerra Selecta A Estrada
25-26 Setembro	Conferencia e Asemblea da Confederación Europea da Raza Holstein (Xixón)
27-28 Setembro	35º Concurso Nacional Conafe '14 (Xixón - Asturias)
22-25 Outubro	69º International Dairy Cattle Show - Cremona - Italia
8 Novembro	Poxa de Gando Frisón en Castro Ribeiras do Lea (Castro de Rei - LU)
22 Novembro	Poxa de Gando Frisón en Gandería Outeiro (Chantada - LU)
30 Novembro	VIII Poxa de Xovencas de Raza Frisona Mazaricos '14

2015

5 - 8 de Marzo	XXXIII Concurso Internacional Open GangAgro '15 - Silleda - Pontevedra
	XXIV Concurso Autonómico da Raza Frisona Fefriga '15
	XXXI Concurso de Xóvenes Manexadores "Memorial Luís Louzao"
	VIII Concurso de Preparadores de Gando

DELETE



FONTAO

Nº1 EN TIPO

Nº1 EN UBRE

Blanco DELETE 1511 MB-87
2-00 296 d. 8.172 kg L. 4,87% G 3,42% P

Mauricio de los Santos